

Arte da primeira metade do século XX

O panorama artístico do século XX é intricado, onde dominan os “ismos” que nacen, contrapóñense e desaparecen.

O Impresionismo abriu as portas a outras investigacións e xeitos de pintar, a outras tendencias, a outras formas de mirar, pero el mesmo chegou a un punto de esgotamento. Van xurdir diferentes estilos que coexisten e se suceden de xeito vertixinoso desde finais do XIX. O século XX asiste ao proceso de destrución da imaxe artística tradicional xa iniciada nesa fin do século XIX e que agora chega ao seu paroxismo final.

A arte do século XX supón a procura permanente, a creación dunha nova linguaxe (coa aparición da fotografía a pintura xa non tiña porque dedicarse a representar a realidade). O termo de vangarda vén da idea de avanzar en territorio descoñecido abrindo camiño para os que veñen despois, así que todos os movementos de vangarda teñen en común a intención de transformar a linguaxe artística, liberados de todas as cadeas estilísticas do pasado:

- Finaliza a unidade artística que caracteriza unha época, de maneira que conviven estilos de concepcións moi diferentes, que se suceden moi rapidamente.
- Hai un constante afán de descubrir e explorar novas vías artísticas.
- O valor supremo é o da creatividade e da experimentación, a arte xa non trata de imitar ou copiar, a arte non imita a realidade senón que a interpreta.
- Superación de conceptos tradicionais como forma, cor, luz e espazo. Son revisados ou incluso rexeitados.
- Por todo isto é cando a arte vai sufrir o maior divorcio co público, xa que desenvolve unha linguaxe que racha coas normas establecidas.

En canto ao contexto histórico, o século XX é un século de crises periódicas, cambios profundos, enfrontamentos bélicos e ideolóxicos, de achegas científicas e do pensamento. Antes estas crises sucesivas, a arte non pode quedar indiferente e desenvolverá tamén unha gran cantidade de transformacións radicais ao mesmo ritmo que o fai a sociedade do momento.

Nos primeiros anos do século (“paz armada”), de confianza e temor e grandes transformacións sociais, xorden as primeiras vangardas: FAUVISMO, CUBISMO, EXPRESIONISMO, FUTURISMO.

Durante a 1ª Guerra Mundial case todos os membros das vangardas (excepto os membros do futurismo, que desenvolverán unha glorificación da guerra) néganse a participar nun conflito que non consideran seu. A arte transpira esta

oposición a través da provocación e da ironía, dando lugar á vangarda máis rupturista de todas: O DADAÍSMO.

Despois da guerra, desenvolveranse fundamentalmente unha serie de vangardas que cuestionan o marco establecido e o sinsentido desta, entre as que destaca o SURREALISMO, ao mesmo que a partir dos anos 30 hai o que se denominou unha "Volta á Orde" no que se dulcifica a linguaxe vangardista.

O FAUVISMO

O movemento fauvista aparece como grupo no Salón de Outono de 1905 no que se presentaban cadros dos nomes principais do movemento (**Matisse, Derain, Vlaminck**) xunto ás esculturas neorrenacentistas de Albert Marque, o que fixo a un crítico da época dicir o seguinte: «No centro da sala, un torso infantil e un pequeno busto de mármore de Albert Marque, que modela primorosamente. O candor destes bustos sorprende no medio da orxía de tons puros: **Donatello chez les Fauves**". Esa calificación despectiva (en francés fauve=fera) deulle título a un movemento que non formou un grupo homoxéneo nin unha doutrina pictórica de ningún tipo, senón un grupo de pintores (Matisse, Derain, Vlaminck, Rouault...) que teñen como característica común unha paixón pola cor que lles leva a liberarse da cor real buscando harmonías cromáticas capaces de expresar emocións.

Rexeitaron a ríxida metodoloxía do Neoimpresionismo, pese a que moitos comezaron servíndose da técnica puntillista (como Matisse), a lixeireza do Impresionismo, o ornamentalismo da Art Nouveau e a evasión espiritualista do Simbolismo. Tiñan os seus fundamentos pictóricos nos postimpresionistas (**Gauguin e Van Gogh**, sobre todo), nas culturas primitivas e, incluso, poden ser considerados expresionistas no uso da cor xa que a empregan só en función da súa propia sensibilidade e emocións, non está ó servizo da imaxe.

As súas Características principais son:

- _ A cor é o protagonista do cadro (cor violenta, estridente e intensa, de tons puros).
- _ O cadro non ten que reproducir fielmente a realidade (uso da cor de maneira arbitraria).
- _ Pincelada rica en pasta.
- _ Protagonismo da liña para conservar a forma das figuras
- _ Pintura figurativa (pero bastante antinatural, xa que defenden a autonomía do cadro fronte á realidade).

- _ Temática variada pero intrascendente. Arte decorativa sen vertente social, centrándose en valores como a alegría e o pracer.
- _ Imaxes planas (non empregan o claroscuro para definir os volumes).
- _ Total desinterese pola perspectiva.

O EXPRESIONISMO

En certa medida o expresionismo non é tanto un movemento senón unha maneira de enfocar o feito artístico que pretende deformar a realidade para conseguir conmover ao espectador. En sentido extenso pódese falar do “expresionismo” de **Goya** nas Pinturas Negras, do **Greco** na súa última etapa ou de **Van Gogh** ao plasmar a súa angustia vital no lenzo. Pero para acoutar o termo, entendemos como Expresionismo o movemento de vangarda que exaspera a expresión e que xurde a primeiros do século no norte de Europa, con especial desenvolvemento en Alemaña. Podemos designar a obra dun grupo de pintores (**Kirchner, Ensor, Munch, Emil Nolde...**), sobre todo alemáns, que traballan entre 1905-20 (un período que precede e inclúe a Primeira Guerra Mundial) con este nome. Aínda así delimitado, no se trata tampouco dun movemento unificado, cun manifesto grupal. Máis que dun estilo habería que falar de estilos ramificados en múltiples direccións, unidos polo dominio da emotividade individual. En certo sentido é como un novo romanticismo en tanto priman plasmar os estados de ánimo do artista sen buscar os valores estéticos de beleza e harmonía.

Entre os seus trazos podemos destacar:

- Cor vibrante, pura, con cores disonantes e en ocasións agresivas ou desagradables. Esa cor adquire valores simbólicos.
- As formas, aínda que definidas, teñen liñas angulosas e trazos grosos, deformando a realidade.
- Temática ampla, na que teñen cabida os aspectos máis extremos: violencia, angustia, soidade, sexualidade, etc.
- Visión pesimista da vida e da sociedade, desencanto ante o progreso e o camiño que leva a sociedade contemporánea, que ailla ao individuo.
- As formas naturais desaparecen e son substituídas por xeometrías, trazos e elementos irrecoñecibles. Dáse, así, un paso cara á abstracción.
- Cobra preponderancia o mundo dos sonhos e os mitos como camiño para recoñecerse intimamente e poder plasmar ese coñecemento na obra de arte.
- Son os estados subxectivos os que importan e a realidade defórmase por tanto de maneira subxectiva.

- Todos os creadores do movemento teñen unha fe cega no poder da palabra e na arte como motor de cambio.
- A pesar diso, o pesimismo, o caos e o inconformismo adiviñanse en todas as obras.

Podemos falar de tres grupos fundamentais dentro do Expresionismo.

Os precursores: Adiantados ao movemento, como Munch (pintor noruegués) ou Ensor (Belga), que realizan pinturas con forte carga simbólica e expresiva, que adiantan boa parte das características do movemento e que serán recoñecidos polos pintores posteriores como pais do estilo.

Edvar Munch foi un pintor e gravador noruegués. As súas evocativas obras sobre a angustia influíron profundamente no expresionismo alemán de comezos do século XX. Os temas máis frecuentes nas súas obras foron os relacionados cos sentimentos e as traxedias humanas, como a soidade, a angustia, a morte e o erotismo. O seu estilo se caracteriza pola utilización de curvas sinuosas, un colorido arbitrario (que influirá no fauvismo), unha atmosfera opresiva e unha obsesión pola enfermidade, a morte e a soidade.

Die Brücke: Grupo cuxo nome se traduce por "A Ponte", creado por catro estudantes de arquitectura, liderados polo pintor Ernst Kirchner. A denominación foi tomada como símbolo, se ben non tiñan claro cara a onde ían, si sabían que querían pasar dun sitio a outro, e agrupar nunha comunidade artística á que atraer a todos os elementos revolucionarios e en fermento, e isto, o di o seu mesmo nome: ponte. Tal proselitismo deu froito coas incorporacións de Nolde e Müller, entre outros. Crearon unha comunidade artística -disolta no 1913- e aprobaron un manifesto publicado en 1906. A súa oposición á cultura oficial é tamén un elemento de revolta, de cambio social, de ruptura con todo tipo de convencionalismo. Preferían os temas da vida urbana amosada de xeito grotesco polo baleiro e superficial dos mesmos. Recuperaron a xilografía e o grabado en madeira como un modo de volver ás orixes. Crearán imaxes cheas de forza con sensación de inqueda, de medo, en atmosferas asfixiantes. Sérvense de formas angulosas e simplificadas delimitadas por grosas liñas, cores violentas e contrastadas ao modo fauvista. Son características as complicadas composicións con cambios bruscos de punto de vista.

Der Blaue Reiter: Grupo cuxo nome se traduce como "O xinete azul". Este grupo, liderado por Kandinsky e Franz Marc, creouse en Múnic e estivo activo entre 1911 e 1914. Toman o nome dos cabaleiros medievais de lendas populares e, tamén, a san Xurxo, símbolo da vitoria do ben sobre as forzas

demoníacas. Do espiritual na arte, libro de Kandinsky, e o Almanaque Der Blaue Reiter, publicado en 1912, constitúen o fundamento teórico do movemento. O movemento sintetiza a forza expresionista cos novos postulados cubistas e a abstracción, pero engadían o valor da espiritualidade. As cores, primarias, antinaturalistas e fortes, adquiren connotacións emocionais.

O CUBISMO

O Cubismo é a vangarda máis revolucionaria de comezos do século XX. Representa a destrución dos principios espaciais tradicionais

Características:

- _ Descompón a realidade en formas xeométricas, os cubistas consideran que todo o existente é susceptible de ser representado xeometricamente.
- _ Introducen a visión simultánea no cadro, representan non o que vemos senón como sabemos que son as cousas. Representan as cousas de forma integral: de perfil, de fronte, por detrás... todos os puntos de vista ao mesmo tempo: rompen co punto de vista único.
- _ Conciben a pintura como unha actividade intelectual e científica.
- _ Prescinden da perspectiva convencional.
- _ Dan preferencia á liña e á forma sobre a cor e prescinden totalmente da luz (rexeitando o fauvismo e o impresionismo).
- _ Prefiren as cores apagadas, como os ocres, pardos, grises...

Entre os pintores cubistas (como Picasso, Braque ou Juan Gris) podemos distinguir certas fases:

- _ **Un Cubismo Cezanniano** (1907- 09) no que domina a procura de formas esenciais a base de liñas e formas angulosas.
- _ **Un Cubismo analítico** (1910-12) no que domina a destrución das formas, ata o punto de non recoñecer o que se representa, sendo case abstracción. Preferencia polas cores apagadas: ocres, grises...
- _ **Cubismo sintético** (1912-14) volven recoñecerse as formas e empréganse cores claras. Nesta fase téndese a introducir a colaxe (anacos de papel, de xornal, teas), no canto de representar a realidade, están a introducila no cadro.

PABLO RUIZ PICASSO (1881- 1973)

Nace en Málaga e, tras vivir uns anos da súa infancia na Coruña, en 1895 trasládase coa súa familia a Barcelona (onde frecuenta os ambientes intelectuais modernistas cataláns que o marcarán) e acaba por trasladarse a

París onde contactará coa intelectualidade europea e cambiará radicalmente a súa forma de pintar.

Picasso mostra sempre unha gran tendencia a asimilar todo aquilo que coñece, e partindo dunha base estética postimpresionista e expresionista acabará por experimentar ata converterse nun xenio da pintura. A obra de Picasso está influída polas tallas das máscaras africanas, as esculturas ibéricas e a arte exipcia.

Na obra pictórica de Picasso podemos distinguir varios períodos:

1º. Período (1901-1906) a obra de Picasso pasa por varias etapas, como a Azul ou a Rosa, no que domina o sentido expresionista e melancólico da pintura

2º período: Etapa Cubista (1907-1919)

Picasso recolle as influencias da escultura negra africana, da escultura ibérica e das obras de Cezanne e dá un xiro na súa creación artística. Expón unha nova maneira de plasmar a realidade a través da xeometría das formas, da introdución de múltiples puntos de vista simultáneos superpostos no mesmo cadro e da incorporación da técnica da colaxe.

Dentro do período cubista cabe distinguir:

_ Unha fase inicial que se considera **protocubista** (1906-1907), un período inicial no que empeza a investigar coa multiplicidade de puntos de vista e a influencia das artes íbera e africana, á que pertencen cadros como *As señoritas de Aviñón* ou o retrato de Gertrude Stein.

_ Despois pasará polas tres etapas cubistas que se describen arriba: Cubismo cezanniano (1907-1909), cubismo analítico (1910-12) e cubismo sintético (1912-1919)

3º.-Período de entreguerras (1919-1935), primeiro abandona parcialmente o cubismo para optar por unha estética máis clásica e máis tarde experimenta coa representación do onírico, combinando estética surrealista e cubista.

A partir do estoupido da Guerra Civil a creación pictórica de Picasso vese moi afectada polo pesimismo e o compromiso cos movementos antifascistas. Os seus cadros convértense nun alegato a favor da liberdade contra a barbarie da guerra. Debemos resaltar un cadro emblemático como "**O Guernica**".

4. Período da segunda postguerra e guerra fría (a partir 1945) coincide con obras de renovado optimismo e profundo lirismo. Picasso crea cadros expresionistas ou elabora grandes reflexións pictóricas sobre obras mestras do pasado.

DADAÍSMO

A I Guerra Mundial provocou unha reacción nun grupo de escritores e artistas que elixiron o nome de Dada para darlle nome ao movemento máis rupturista de entre todos os das vangardas. A denominación Dadaísmo, outorgada por Tristan Tzara tamén autor do primeiro Manifesto Dadá, foi a elección ó abrir un dicionario e escoller a palabra que aparecese. A palabra non significa nada o que enlaza ben coa concepción artística do grupo.

Os dadaístas propoñíanse destruír de diversos modos a arte establecida. Burlábanse dos obxectos artísticos que foran venerados durante séculos (a Gioconda con bigotes de Duchamp é un exemplo). Para logralo, sitúase fóra do mundo artístico. Non se considera a si mesmo unha vangarda, nin ten ningún presuposto formal. Pretendíase a liberdade total, allea a todo prexuízo; un obxecto calquera pode ser unha obra de arte simplemente porque alguén o escolleu como tal (nace así o concepto de ready-made: obxectos atopados ou prefabricados.). Estes artistas crían que unha sociedade capaz de producir algo tan horrible como a I Guerra Mundial era intrinsecamente mala, unha cultura á que había que destruír. A arte formaba parte desa sociedade monstruosa e había que aniquilala para volver partir de cero.

Pódese afirmar que as súas creacións non son obra de arte como tal pero o Dadaísmo si constitúe unha vangarda en tanto é un fenómeno de reflexión sobre a arte e a súa función. Criticaron duramente a hipocrisía do mercado da arte que aceptaba como arte a obra pola firma do seu autor, independentemente da verdadeira comprensión do seu significado. De aí o seu empeño en provocar por calquera medio.

Sen dúbida, o dadaísmo conseguiu provocar escándalo. Pero tamén fixo que a xente mirase as imaxes dunha forma distinta. As pinturas e obxectos Dada obrigaban ao espectador a poñer en cuestión as realidades aceptadas e a recoñecer o papel do azar e a imaxinación.

Dada foi unha actitude máis que un estilo; foi un movemento internacional literario e artístico que tivo lugar entre os anos 1915 e 1922, e que foi fundado en Zúric polo poeta Tristan Tzara. Aproximadamente ao mesmo tempo Marcel Duchamp, Man Ray e Francis Picabia fundaron en Nova York un grupo similar. Despois da guerra configurouse en Berlín un Dadaísmo máis radical e violento. En calquera caso non existen criterios artísticos de unión entre eles, o que os une son as actitudes.

ABSTRACCIÓN

Como vimos arriba, os primeiros cadros abstractos nacen no seo do expresionismo alemán, onde aparece un movemento de rexeitamento á pintura figurativa, para facer valer a nova linguaxe pictórica da abstracción: eliminación definitiva da figura, e concentrar a forza expresiva en forma e cores que non garden relación coa realidade visual.

Este movemento estará ligado ao grupo do Expresionismo de Der Blaue Reiter, e fundamentalmente á figura de **Kandinsky**. Iso dá lugar a unha corrente dentro da abstracción que é a da **Abstracción lírica**. Na Abstracción lírica, así chamada porque outorga á arte unha función mística, as cores e as formas dispóñense dun xeito aparentemente caótico seguindo o ditado intuitivo do pintor quen expresa libremente as súas emocións sen pretender racionalizalas. Prima por tanto á fidelidade ós propios sentimentos fronte á fidelidade ó mundo das aparencias. A través da linguaxe de formas e cores, sen motivos figurativos, sen tema, a obra expresa un contido interior a través do que conmover psíquica e espiritualmente ó espectador. Kandinsky establece todo un corpus teórico sobre o significado das liñas (o punto é o elemento primario, a repetición de puntos xera a ritmo; a liña crea a melodía, aporta temperatura e xera movemento; a horizontal e a vertical configuran forzas estáticas e dinámicas. O seu camiño cara a abstracción é paulatino, pasando por unha primeira etapa na que se poden recoñecer as formas (nun grupo de cadros chamados impresións) pasando logo a obras cada vez máis esquemáticas (as improvisacións) para rematar na plena abstracción coas chamadas composicións.

NEOPLASTICISMO

O **Neoplasticismo**, estilo que se aplica tanto á pintura como a arquitectura ou deseño, é unha arte abstracta caracterizada por formas extraordinariamente sinxelas (planos, figuras xeométricas simples, liñas) e cores primarias. Partindo de investigacións previas, como as cubistas, presenta novas alternativas estéticas á sociedade moderna. En 1917 xunto co seu compatriota, o pintor **Theo van Doesburg** fundou nos Países Baixos a revista **De Stijl**, na que **Mondrian** desenvolveu a súa teoría sobre as novas formas artísticas que denominou neoplasticismo. Sostiña que a arte non debía implicarse na reprodución de imaxes de obxectos reais, senón expresar unicamente o absoluto e universal que se oculta tras a realidade. Rexeitaba as calidades

sensoriais de textura, superficie e cor e reduciu a súa paleta ás cores primarias. A súa crenza de que un lenzo, é dicir unha superficie plana, só debe conter elementos planos, implicaba a eliminación de toda liña curva e admitiu unicamente as liñas rectas e os ángulos rectos. Centráronse sobre todo en buscar as relacións matemáticas que se dan entre as formas coloreadas, buscando unha arte universal. Vana aplicar tamén á arquitectura, con exemplos como o do Café Aubette de **Van Doesburg** e terá moita influencia no mundo do deseño, como se pode ver na cadeira de **Rietveld**.

SURREALISMO

Os seus comezos pódense rastrexar cara ás mesmas datas que o dadaísmo, xa que algúns autores vinculados ao dadaísmo despois figurarán como compoñentes do movemento surrealista, como é o caso do seu fundador **André Breton**. Ao sentido crítico e provocador do dadaísmo os surrealistas engadiranlle o interese pola creación de imaxes oníricas e fantásticas.

Francia será o berce do movemento. A "acta de fundación" do movemento redáctase en 1924 (Manifesto surrealista). Confésanse fascinados polas investigacións de **Sigmund Freud**, entón rompedoras. Unha das misións do surrealismo será, pois, liberar o inconsciente reprimido, plasmar na pintura o mundo interior, o subconsciente e surreal: os medos, as fobias, as obsesións que aniñan no profundo da mente humana. O creador surrealista debe deixarse levar polos seus impulsos para lograr unha arte absolutamente libre; a razón non debe interferir, sendo a obra produto dun automatismo inconsciente. Os soños forman parte fundamental da iconografía deste movemento.

Queren amosar ao mundo do inconsciente que emerxe nos soños e nas alucinacións onde o tempo non é diacrónico, pasado-presente-futuro aparecen á vez sen contradición. Crean nas súas obras algo máis real que a propia realidade e con títulos desconcertantes. Sérvense de certos recursos: animar o inanimado, metamorfoses, illamento de partes anatómicas, maquinarias fantásticas, perspectivas estrañas en espazos perfectamente tridimensionais, dobre imaxe,.... Crearon tamén as técnicas do *frottage* e do *grattage*.

Á parte desa procura do inconsciente e da provocación, o surrealismo non ten unha unidade artística, é dicir, non hai un estilo común; cada artista ten os seus métodos expresivos e a súa linguaxe propia, aínda que se pode diferenciar unha liña abstracta onde priman as técnicas de pintura automática como é o caso de **Miró**, **Max Ernst** ou **André Masson** e outra figurativa ou hiperrealista

que se inspira na pintura metafísica de **De Chirico** e que conta com nomes destacados como **Dalí** ou **Magritte**.